

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS “O PEIRAO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 7.08.2023 ata o 16.12.2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.0, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

A Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” pretende desenvolver unha misión comercial en Portugal, en concreto, en Povia de Varzim, primeiro porto de pesca do norte de Portugal desde o século XVIII, co fin de mellorar a empregabilidade das asociadas da federación.



A devandita misión supón unha ferramenta de márketing importante para explorar novos mercados, realizar contactos e iniciar negocios, resulta ser unha fórmula óptima de presentación dos produtos e servizos da federación e permite ampliar cotas de mercado, fortalecendo vínculos con clientes actuais e captar novos ou potenciais clientes.

Para un colectivo como as redeiras é de vital importancia traballar de forma continua na dignificación e profesionalización do traballo propio, na procura de novas fórmulas que dean a coñecer a labor que desempeñan e, sempre, avanzando cara unha mellora das condicións socio-laborais das asociadas.

A finalidade última desta acción é mellorar a empregabilidade das asociadas e intentar melloras que repercutan en diferentes niveis, tanto económicos como sociais, o que suporá, sen dúbida, un fortalecemento do seu posicionamento no ámbito do sector pesqueiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

